

**Expediente núm.:** 11/2024

**Procedemento:** Actividades ou Cursos OMIX (Organización ou Inscripción)

**Data de iniciación:** 04/01/2024

BASES REGULADORAS POLAS QUE SE CONVOCA O DESFILE-CONCURSO DE COMPARSAS DE ENTROIDO DO ANO 2024, ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.

## BASES

### 1.- Obxecto da convocatoria.

Regulación das bases e premios de participación no Desfile - Concurso de Comparsas de Entroido do ano 2024 organizado polo Concello de Soutomaior.

### 2.- Data e horarios.

O Desfile - Concurso de comparsas de Entroido terá lugar o sábado 3 de febreiro de 2023 ás 17:30 horas.

### 3.- Beneficiarios/as e requisitos de participación.

Serán susceptibles de obter os premios regulados nestas Bases as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro que poidan levar a cabo as actividades ou proxectos ou se atopen na situación que motiva a concesión destes premios, que participen no Desfile-Concurso e cumpran os seguintes requisitos:

#### Comparsas:

- Comparsa xerais: agrupación mínima de 30 persoas que non teñan o seu domicilio fiscal no Concello de Soutomaior e que desfilen.
- Comparsas convidadas: agrupación mínima de 30 persoas con domicilio fiscal no Concello de Soutomaior e que desfilen.
- As comparsas deberán gardar unha unidade temática tanto no seu vestiario como na súa actuación.
- Deberán levar o nome da Comparsa nun lugar visible e claro para que o xurado poida valorar.
- Poderanse excluír como beneficiarias das axudas reguladas nestas Bases todas aquelas que non cumpran as condicións esixidas.
- Non serán admitidas as comparsas con animais vivos.
- O Concello poderá valorar no caso de non cubrirse as prazas a ampliación do prazo e a admisión doutras comparsas que non cumpran co número mínimo de 30 membros.

#### Disfraces:

- Individual.
- Parellas.
- Grupos: entre 3 e 10 persoas.



#### 4.- Número de comparsas.

O número máximo de comparsas participantes no Desfile - Concurso será **de 12 xerais e 3 convidadas** que se admitirán por rigoroso orde de Rexistro de Entrada no Concello de Soutomaioir priorizando, no caso de ser necesario, á hora de realizar a admisión por rexistro que haxa un equilibrio entre comparsas que será leven carroza e música (60%) e as que non leven nin carroza nin música (40%).

As **convidadas** deberán inscribirse no Rexistro e cumprir os requisitos xerais igual que as outras e presentar toda a documentación indicada nestas Bases en tempo e forma e figurarán con esta condición na lista de admisión. A maiores figurará na lista tamén a comparsa resultado do obradoiro municipal.

Cubertas as 15 prazas totais de comparsas, a organización pode decidir si amplía ou non o número de comparsas. No caso de que algunha das comparsas admitidas desista ou renuncie chamarase á seguinte comparsa que quedase no momento da inscrición en lista de agarda.

#### 5.- Desenvolvemento da actuación.

O Desfile - concurso comezará ás 17:30 h, no punto de saída na Rúa Calvario.

O itinerario do desfile será:

Rúa Calvario, Avda. Xosé Solla e Rúa Rosalía de Castro para rematar na Alameda de Talo Río (Arcade). As comparsas concentraranse o sábado 3 de febreiro, á hora indicada pola organización,

**As comparsas deberán estar no punto de saída ás 17:00 h** listas para colocarse e desfilar. A primeira en desfilar será a municipal formada polas persoas inscritas no "Obradoiro de elaboración da Comparsa Municipal" que organiza o Concello de Soutomaioir. As demais comparsas, desfilarán por orde de chegada ao punto de inicio.

**Os disfraces deberán estar no punto de saída ás 16:30 h** para recibir o dorsal de identificación que lle dará a organización. Non desfilarán como as comparsas pero si se lles indicará nese momento como van a participar.

Ao rematar, en Talo Río, lerase o Pregón de Entroido, o xurado reunirse para deliberar e, unha vez rematado o proceso, entregaranse os premios. Mentres tanto haberá unha gran festa de Entroido cunha animación musical a cargo dunha DiscoMóbil, que se prolongará no tempo e animará a festa de Entroido.

Se as condicións meteorolóxicas son adversas e non se puidera celebrar o desfile - concurso na data prevista, a organización reservárase a facultade de fixar unha nova data ou a suspensión definitiva.

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo, nos termos que se regulan nestas Bases ou no previsto na normativa correspondente.

Si algunha das comparsas inscritas e confirmadas non comparece, sen causa xustificada, o día do desfile queda penalizada durante 2 anos, a non participar.



## 6.- Crédito orzamentario e premios.

Destínase o crédito estipulado no Orzamento municipal correspondente para o desenvolvemento destas Bases imputado á partida correspondente, para os premios.

### PREMIOS COMPARSAS

Haberá **premios por criterio de xurado e premios por participación**:

→ **Premios ás comparsas de xurado** coas seguintes cantidades:

- 1º Premio: 1000€
- 2º Premio: 800€
- 3º Premio: 600€

E para destes premios de xurado, establécense os seguintes criterios de **valoración** das comparsas. En caso de empate, resolverase por sorteo:

<b>Criterios de valoración</b>	<b>Puntuación máxima</b>
a) Vestiario e máscaras, maquillaxes,... axeitados á temática que representan.	Ata 15 puntos
b) Orixinalidade, enxeño e artesanía na confección dos disfraces, máscaras, etcétera.	Ata 15 puntos
c) Música en directo, instrumentalización, canto, baile.	Ata 15 puntos
c) Actitude no desfile acordo co motivo da exhibición e animación do público.	Ata 15 puntos
d) Ironía e retranca, comparsa que mellor exprese o humor e a actualidade sen ser ofensiva, desde o respecto e a educación e sen vulnerar dereitos fundamentais.	Ata 10 puntos
e) Inclusión e diversidade -comparsa cun maior número de participantes que teñan unha diversidade funcional recoñecida.	Ata 15 puntos
f) Outros elementos que a fagan singular porque representan ou aluden a algunha curiosidade ou feito do pobo e que merezan un recoñecemento por parte do xurado.	Ata 15 puntos

→ **Premios ás comparsas por participación sen xurado**, segundo os seguintes criterios:

a) **Xerais que non leven nin carroza nin música:**

- De 30 a 40 membros: 100€
- Máis de 40 membros: 150€

b) **Xerais que leven carroza e música:**

- De 30 a 40 membros: 300€
- Máis de 40 membros: 400 €



**c) Convidadas que non leven nin carroza nin música:**

- De 30 a 40 membros: 200€
- Máis de 40 membros: 250€

**d) Convidadas que leven carroza e música:**

- De 30 a 40 membros: 500€
- Máis de 40 membros: 600 €

## PREMIOS DISFRACES

**→ Individual**

- 1º Premio 60€
- 2º Premio 40€

**→ Parellas**

- 1º Premio 100€
- 2º Premio 80€

**→ Grupo**

- 1º Premio 200€
- 2º Premio 180€

Para a valoración de disfraces, o xurado terá en conta os mesmos criterios de valoración que para as comparsas, atendendo ás diferencias entre ambas modalidades. En caso de empate, resolverase por sorteo.

### Importante:

- Os premios e importes por participación non serán acumulables de tal xeito que si unha comparsa resulta premiada polo xurado soamente recibirá o importe dese premio.
- As comparsas convidadas poderán, se así o deciden, non participar nos premios de xurado.
- A comparsa elaborada no obradoiro municipal non optará a ningún premio.

No caso de quedar deserto algún premio o Concello decidirá si destinalo a este mesmo proxecto aplicando a parte proporcional a máis premios ou reinvestilo no programa xeral de Entroido.

### 7.- Xurado.

O Xurado estará integrado por un número impar de persoas do mundo da cultura, o deporte, e o mundo das artes (música, letras, escénicas, persoas con experiencia en comparsas de entroido, etcétera.) designadas polo Concello de Soutomaior, e levantará acta do resultado do Concurso.

O xurado ten liberdade absoluta para xulgar ás comparsas participantes nas diferentes modalidades a concursar e, en consecuencia conceder os premios que avalan estas Bases, e en todo caso, pode declarar deserto un ou varios premios, así coma, diminuír a contía das axudas outorgadas, no caso de falta de méritos de valoración claros e específicos, de dificultade, orixinalidade, ou calidade, ou calquera circunstancia que sexa relevante de penalización.



O Xurado comunicará ao rematar nese mesmo día e lugar os premios outorgados. No caso de algunha comparsa non estea presente no momento da entrega de premios (como mínimo a metade máis unha persoa), o xurado valorará entregar o premio a outra comparsa que teña a puntuación máis próxima a esta.

### **8.- Procedemento de inscrición, documentación e prazo de inscrición.**

A inscrición será de balde.

A través da Sede Electrónica do Concello de Soutomaior

<https://soutomaior.sedelectronica.es/info.0>

Prazo de inscrición desde a súa publicación na WEB do Concello **ata o mércores 24 de xaneiro ás 14 h.**

No momento de formalizar a inscrición, indicaranse os datos requiridos na ficha de solicitude. Todos estes datos serán obrigatorios e en caso de que non se cumprimente correctamente a comparsa poderá quedar excluída do Desfile - concurso.

#### **Documentación a presentar:**

\_ Solicitude de inscrición cuberta, segundo o modelos anexos.

\_ Copia do DNI persoa representante e no caso de asociacións tamén copia do CIF.

\_ Certificado de conta bancaria da Asociación ou da persoa representante no caso de disfraces.

\_ Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, seguridade social e co Concello de Soutomaior e de non perseguir coa actividade finalidade lucrativa e de contar con todos os seguros necesarios.

Para calquera dúbida ou aclaración poden enviar un correo a [omix@soutomaior.com](mailto:omix@soutomaior.com) ou ben chamar ás Oficinas Xerais do Concello 986 705 106 ou enviar unha mensaxe de whatsapp á OMIX neste número 638 822 868 para que nos poñamos en contacto.

### **9.- Publicación da lista de admisión.**

A lista de comparsas admitidas publicarase ao máis tardar aos dous días hábiles á finalización do prazo, na web municipal [www.soutomaior.gal](http://www.soutomaior.gal), unha vez rematado o prazo de inscrición conforme aos criterios de admisión destas Bases.

### **10.- Forma de pago.**

O procedemento de pago de premios realizarase mediante solicitude despois de finalizado o Desfile - Concurso presentando Instancia Xeral na sede electrónica do Concello de Soutomaior <https://soutomaior.sedelectronica.es/info.0>. No caso de persoas físicas tamén teñen opción de presentalo presencialmente.

No caso de premios de xurado, a maiores, hai que presentar xunto coa Instancia a comunicación de premio (recibida no acto de entrega).



## 11.- Observacións.

As comparsas compostas por persoas con diversidade funcional deberán indicalo na solicitude para que o xurado teña en conta esta circunstancia no momento de facer as valoracións.

A organización resérvase e o dereito de non deixar desfilar e excluír a todas aquelas comparsas ou disfraces que non cumpran algunha das condicións establecidas nestas Bases, que non respecten as normas de organización durante o Desfile, que sexan de dubidosa interpretación, as que atenten contra contra a lexislación vixente ou nas que a crítica e letras resulten ofensivas e ataquen dereitos fundamentais das persoas.

Co obxecto de garantir a seguridade de participantes e público asistente, o persoal de organización e o xurado do concurso quedan facultados para excluír do desfile - concurso ou cambiar o seu posto da orde de calquera comparsa que se considere perigosa tendo en conta a valoración previa do percorrido e as características do mesmo.

## 12.- Protección de datos.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SOUTOMAIOR, con enderezo en rúa Alexandre Bóveda 13, 36691 SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA).

Os datos serán utilizados para comunicarnos coas persoas gañadoras e para a xestión administrativa do procedemento. Os datos non se cederán a terceiros/as, agás por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento e solicitar a potabilidade dos mesmos en calquera momento. Para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: [oficinas@soutomaíor.gal](mailto:oficinas@soutomaíor.gal)

## 13.- Aceptación de bases.

A participación neste desfile, implica a aceptación destas Bases integramente.

**SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN DE COMPARSAS NO DESFILE-CONCURSO DE COMPARSAS DE ENTROIDO DO ANO 2024 ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.**

### DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

Nome e apelidos:

NIE/DNI:



Correo electrónico de contacto:

Teléfono móbil de contacto:

### **DATOS DA COMPARSA**

Nome da comparsa:

Nome da asociación/persoa representante comparsa:

CIF/NIF:

Enderezo completo e código postal:

### **EXPOÑO,**

Que a entidade así como todos os/as membros da comparsa somos coñecedores/as e aceptamos as Bases de participación desta convocatoria manifestando o noso desexo en participar no Desfile - Concurso de Comparsas de Entroido do ano 2024 organizado polo Concello de Soutomaioir

### **SOLICITO,**

En representación da entidade a participación da comparsa anteriormente indicada na modalidade:

#### **a) Comparsa sen carroza e sen música.**

De 30 a 40 membros.

Máis de 40 membros.

#### **b) Comparsa con carroza e música.**

De 30 a 40 membros.

Máis de 40 membros.

#### **Documentación a presentar:**

- Solicitud de inscripción cuberta.
- Fotocopia do CIF da entidade.
- Fotocopia do DNI persoa representante.
- Certificado de conta bancaria da asociación.
- Certificado de exención de IVE.
- Declaración responsable.
- Certificado de discapacidade das persoas (de ser o caso).

**Asdo. Representante da entidade/comparsa.**

### **DOCUMENTO ASINADO**

### **DECLARACIÓN RESPONSABLE ENTIDADES**

**Don/Dona** .....

**con**

**DNI/NIF** ..... **e domicilio en**

.....



.....

**como representante legal da**  
**comparsa .....**

**DECLARO,**

Que o número de membros que desfilarán son os indicados na solicitude.

Que a entidade/membros da comparsa atópanse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, seguridade social e co Concello de Soutomaior, que non persegue coa actividade finalidade lucrativa e conta con todos os seguros necesarios.

**DOCUMENTO ASINADO**

**SOLICITUDE DE INSCRICIÓN DE DISFRACES NO DESFILE-CONCURSO DE COMPARSAS DE ENTROIDO DO ANO 2024 ORGANIZADO POLO CONCELLO DE SOUTOMAIOR.**

**DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE**

Nome e apelidos:

NIE/DNI:

Correo electrónico de contacto:







Teléfono móbil de contacto:

Nome do disfrace:

**EXPOÑO,**

Que a entidade así como todos os/as membros da comparsa somos coñecedores/as e aceptamos as Bases de participación desta convocatoria manifestando o noso desexo en participar no Desfile - Concurso de Comparsas de Entroido do ano 2024 organizado polo Concello de Soutomaioir

**SOLICITO,**

En representación do disfrace a participación anteriormente indicada na modalidade:

- \_\_\_ Disfrace individual.
- \_\_\_ Disfrace parella.
- \_\_\_ Disfrace grupo (3 - 10 persoas).

**Documentación a presentar:**

- \_ Solicitude de inscrición cuberta.
- \_ Fotocopia do DNI persoa representante.
- \_ Certificado de conta bancaria da persoa representante.
- \_ Declaración responsable.
- \_ Certificado de discapacidade das persoas (de ser o caso).

**Asdo. Representante do disfrace.**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE PERSOAS FÍSICAS**

**Don/Dona** .....  
**con**

**DNI/NIF** ..... **e domicilio en**

.....  
.....

Cod. Validación: QD6LLKZAL9FXYLXZAC9ORC2WF  
Corrección: <https://soutomaioir.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 10



como representante legal do  
disfrace .....

**DECLARO,**

Que as persoas membros do disfrace atópanse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias estatal, autonómica, seguridade social e co Concello de Soutomaíor e que non persegue coa actividade finalidade lucrativa.

Que as persoas membros do disfrace dan autorización á persoa que consta como representante para que o cobro do premio se realice no seu número de conta.

Que as persoas que compoñen o disfrace son:

Nº	Nome e apelidos	DNI	Data de nacemento	Sinatura
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				

**DOCUMENTO ASINADO**

